



PLAN DIXITAL DE CENTRO

CURSO 2022-2023

CEIP PLURILINGÜE FELICIANO BARRERA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**



**UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO**
"O FSE inviste no teu futuro"

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1 Datos básicos do centro.....	3
1.2 Contextualización do Plan Dixital de Centro. Contribución ao Proxecto Educativo.	4
1.2.1 Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro:	4
1.2.2 Contribución do Plan Dixital de Centro ao Proxecto Educativo e relación con outros plans e proxectos de centro.	5
1.3 Xustificación do Plan Dixital de Centro.....	6
1.4 Proceso de elaboración do Plan Dixital de Centro.....	7
2. SITUACIÓN DE PARTIDA.....	9
2.1 Infraestrutura, servizos dixitais e equipamento.	9
2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO.....	10
2.2.1 Autoavaliación SELFIE:.....	10
2.2.2 Test de Competencia Dixital Docente (CDD).....	12
2.3 Análise DAFO.....	13
3. PLAN DE ACCIÓN.	15
4. AVALIACIÓN DO PLAN.	23
5. DIFUSIÓN DO PLAN.....	23

1. INTRODUCCIÓN.

1.1 Datos básicos do centro.

Denominación:	CEIP Plurilingüe Feliciano Barrera.
Código de centro:	36007370
Domicilio:	Barrio O Casal s/n, Guláns, Pontearreas. CP 36861
Datos de contacto:	Teléfono: 886110585 Correo electrónico: ceip.feliciano.barrera@edu.xunta.gal
Páxina web:	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfelicianobarrera
Etapas educativas:	Educación infantil e Educación Primaria.
Alumnado:	<ul style="list-style-type: none"> • 4º Educación Infantil: 7 alumnos e alumnas. • 5º Educación Infantil: 15 alumnos e alumnas. • 6º Educación Infantil: 9 alumnos e alumnas. • 1º Educación Primaria: 13 alumnos e alumnas. • 2º Educación Primaria: 12 alumnos e alumnas. • 3º Educación Primaria: 8 alumnos e alumnas. • 4º Educación Primaria: 13 alumnos e alumnas. • 5º Educación Primaria: 11 alumnos e alumnas. • 6º Educación Primaria: 19 alumnos e alumnas.
Profesorado:	<ul style="list-style-type: none"> • 3 titoras de Educación Infantil. • 4 titoras e 2 titor de Educación Primaria. • 1 especialista de Educación Física. • 1 especialista de Música. • 1 especialista de Inglés. • 1 especialista de Pedagogía Terapéutica. • 1 especialista de Audición e Linguaxe compartida co CEIP Santiago de Oliveira. • 1 especialista de Orientación compartida co CEIP de Santiago de Oliveira. • 1 especialista de relixión compartido co CEIP Manuel Sieiro.

1.2 Contextualización do Plan Dixital de Centro. Contribución ao Proxecto Educativo.

1.2.1 Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro:

O centro atópase nun val, no núcleo rural de O Casal, lugar da Parroquia de San Xulián de Guláns, pertencente ao Concello de Ponteareas (Pontevedra), a unha distancia de 5 Km da cabeza do municipio e a uns 26 km de Vigo. Dita parroquia conta con uns 718 habitantes (datos 2018), distribuídos en 23 entidades de poboación, nas que a maioría das vivendas son de tipo unifamiliar agrupadas en barrios dispersos.

Polo que respecta ao nivel socioeconómico da poboación de Guláns, pódese considerar de clase media-baixa. A presenza do sector secundario é practicamente inexistente e a maioría dos habitantes traballan no sector primario e terciario, sendo os homes os que fundamentalmente realizan traballos remunerados, mentres que a maioría das mulleres dedícanse ás labores do fogar e ao cultivo dos campos para autoconsumo e, aínda que en menor medida que anos atrás, parte desta produción vai destinada a unha posterior venda no mercado de Ponteareas. Caben destacar no sector primario a existencia das “Canteiras de Couso” e o cultivo de pementos, potenciado coa concesión da denominación de orixe “Pemento de Guláns”.

En canto á situación sociocultural, a parroquia de Guláns conta con diversas instalacións e actividades culturais, entre as que se atopan:

- A Avisoureira: unha casa cultural que conta cunha cafetería, un gran salón de actos, unha pequena biblioteca, tres ordenadores con acceso a internet, zona de recreo con pistas deportivas, parque infantil, ... Pola cercanía do noso centro e pola calidade das instalacións e o recinto, é habitual que realicemos algunhas actividades do centro nesta casa cultural.
- Banda de Música Unión de Guláns: unha das bandas máis antigas e con maior historia de todo Galicia.
- Escola de música da Banda de Música Unión de Guláns: está autorizada pola Consellería de Educación e asisten moitos dos alumnos/-as do centro.
- Asociación Cultural de Guláns: organiza varias actividades culturais, lúdicas e de formación (bailes de salón, ioga, pilates, actuacións, espectáculos, festas, ...)

- Comunidade de Montes San Cibrán: realiza unha labor de xestión e conservación do medio natural e subvenciona actividades e obras para toda a parroquia.
- Rancho de Reis de Guláns: un grupo que mantén vivo unhas danzas ancestrais típicas da zona sur de Pontevedra que só se bailan nas datas próximas ao Nadal. Varios alumnos/-as do centro pertencen a este grupo.
- Ao longo do ano hai outras asociacións que realizan actividades diversas nas que tamén adoita participar o alumnado do centro (comisións de festas, grupo dos rastrexos, asociación do pemento de Guláns, grupo de catequese, ...)

A vila de Pontearreas atópase a uns 9 km do centro. Alí as familias teñen acceso a biblioteca, museo, actividades culturais, ... O principal problema é que non se dispón dunha rede de transporte público adecuada, polo que moitas familias non teñen un fácil acceso á vila. Este problema existe tamén coa conexión con Vigo, que ten unha maior oferta cultural e está a uns 25 km, pero non tódalas familias dispoñen de coche propio para poder desprazarse ata alí.

1.2.2 Contribución do Plan Dixital de Centro ao Proxecto Educativo e relación con outros plans e proxectos de centro.

O Plan Dixital de Centro pode contribuír ao desenvolvemento do noso **Proxecto Educativo**, así como á consecución dalgúns dos obxectivos establecidos, nos seguintes aspectos:

- O emprego habitual das TIC no proceso de ensino e aprendizaxe favorece unha aprendizaxe significativa e que o alumnado desenvolva a competencia de aprender a aprender.
- O emprego autónomo da tecnoloxía dota ao alumnado da capacidade necesaria para resolver situacións novas e experimentar o aprendido de diferentes xeitos.
- As TIC facilitan o afianzamento de metodoloxías baseadas na aprendizaxe cooperativa, polo que o seu desenvolvemento contribuirá, indirectamente, á creación dun clima de traballo solidario e de respecto ás diferencias persoais.

- O emprego das TIC facilita ao profesorado o desenvolvemento de metodoloxías DUA (Deseño Universal para a Aprendizaxe) e, polo tanto, mellora a atención á diversidade do alumnado.
- O dotación de recursos tecnolóxicos e informáticos ó centro contribúe a compensalas diferencias económicas e culturais do alumnado facilitando o seu acceso a recursos dos que no poden dispor no seu contexto familiar.

O Plan Dixital de Centro está especialmente relacionado coa participación nos **Polos Creativos**, tanto polo deseño das actividades propostas, como pola dotación de recursos que supón. Tamén é moi estreita a relación do Plan coa continuidade no programa **E-DIXGAL**, establecido en quinto e sexto de primaria. Polo que respecta aos cursos primeiro e terceiro de primaria; teñen programada unha **sesión semanal de robótica** que, esperamos, contribúa o desenvolvemento deste Plan.

Relacionada coas TIC, tamén está a materia de libre configuración de cuarto e sexto de primaria que, un curso máis, será **Robótica**.

De xeito máis indirecto, o Plan Dixital de Centro contribuirá o desenvolvemento e, especialmente, á difusión de **outros programas** do centro: CP Inclúe, Programa Xogade, PROA +, PLAMBE...

1.3 Xustificación do Plan Dixital de Centro.

Nun primeiro nivel, atopámonos unha **xustificación normativa**:

- LO 2/2006 de 3 de maio, de Educación: No seu artigo 111 bis, dedicado ás Tecnoloxías da Información e da comunicación, explica, entre outros aspectos, que “As contornas virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuir á extensión do concepto de aula en tempo e en espazo [...] Así mesmo promoverán os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as

persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornas virtuais de aprendizaxe.” Relacionado con este artigo, o artigo 121, dedicado o Proxecto Educativo, di que este recollerá a estratexia dixital do centro. Por último, o artigo 132 establece como competencia do director ou directora do centro “promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo de centro.”

- Resolución do 3 de setembro do 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021 – 2022.

A maiores da xustificación normativa, o desenvolvemento dun Plan Dixital de Centro ten tamén unha **xustificación pedagóxica e social**:

- Nunha contorna en crecente dixitalización, cada vez son máis as actividades da vida cotiá que esixen competencia dixital, polo que será fundamental formar ó noso alumnado nestes aspectos.
- A maioría das oportunidades laborais que van ter as nenas e nenos que se están formando actualmente esixirán, en maior ou menor medida dependendo do sector, una boa formación dixital. Incluso a propia acción de buscar un traballo precisará de competencia dixital.
- Relacionada cos puntos anteriores, resulta fundamental a idea de que non poderemos falar de igualdade de oportunidades se non ofrecemos a todas as persoas unha formación en competencia dixital.
- Para poder facer fronte as necesidades enunciadas anteriormente é necesario redactar un Plan Dixital de Centro eficaz que nos axude a avaliar o punto de partida do noso centro e poder dar resposta ás nosas distintas carencias e necesidades.

1.4 Proceso de elaboración do Plan Dixital de Centro.

Decidimos que o Equipo de Dinamización do Plan Dixital estivera formado polos mesmos membros que o equipo de Dinamización das TIC. A persoa coordinadora tamén é a mesma e forma parte do equipo directivo do centro, polo que a coordinación resultou sinxela neste sentido.

A formación necesaria para a elaboración do Plan recibíamola a través dun dos itinerarios do noso Plan de Formación Permanente do Profesorado. O noso mentor, ademais das sesións de formación directa, estivo á nosa disposición tanto para a aclaración de dúbidas como para proporcionarnos a documentación necesaria. Seguindo a súa temporalización, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital reuniuse para concretar as distintas fases do proxecto: o informe SELFIE, o test CDD, o análise DAFO, o plan de acción e a redacción final do documento.

2. SITUACIÓN DE PARTIDA.

2.1 Infraestrutura, servizos dixitais e equipamento.

A conectividade e a **infraestrutura** de voz e datos no centro mellorou moito nos últimos anos e podemos definila como aceptable. Coa implementación no centro do programa E-DIXGAL pasamos a ter un servizo de mantemento e asistencia técnica máis rápido e eficaz. De todos xeitos, o centro vese na obriga de contratar un servizo externo para o mantemento da rede de equipos que non pertencen a E-DIXGAL. Por outra banda, a instalación eléctrica é vella e temos múltiples cortes de electricidade, especialmente no inverno. Esta situación provoca múltiples interrupcións no uso das TIC.

No centro empregamos **servizos dixitais educativos** dando prioridade ás ferramentas corporativas. Están afianzadas as comunicacións mediante o correo electrónico corporativo e mensaxería móbil entre o profesorado. Para a comunicación coas familias empregamos Abalar Móbil. Nos casos de familias que non teñen competencia no uso da aplicación, a comunicación establécese mediante mensaxería ou chamadas telefónicas. Tamén está dando bo resultado o emprego de redes sociais, concretamente, Facebook e Instagram.

O uso da aula virtual é, desde a crise sanitaria da COVID 19, maioritario entre alumnado e profesorado. No caso do quinto e sexto curso de educación primaria, o programa E-DIXGAL desenvólvese con normalidade, ofrecendo no centro formación continua ó profesorado con destino definitivo no centro e formación inicial ó profesorado de nova incorporación que nunca traballou con EVA. Estes cursos articúlanse mediante itinerarios formativos no Plan de Formación Permanente do Profesorado. As condicións de uso da aula virtual e E-Dixgal atópanse nas programacións didácticas de cada curso e materia, así como no plan de continxencia de centro, que distingue entre o ensino completamente presencial, mixto e completamente virtual. Durante o último curso déronse as tres situacións.

Respecto ao **equipamento** de centro, atopamos os seguintes recursos dispoñibles:

- Proxecto E-Dixgal: ordenadores ultraportátiles para o todo o alumnado de quinto e sexto de primaria. Portátiles para todo o profesorado que da clase nalgún deses cursos.
- Equipos de xestión e administración: No despacho de dirección contamos con dous ordenadores e unha impresora que compartimos os tres membros do equipo directivo.
- Biblioteca: Un ordenador co programa Meiga e unha impresora multifunción.
- Aula de informática: 13 ordenadores. 15 tabletas cun horario específico de uso en cada aula.
- Sala de mestres e mestras: 2 ordenadores e unha fotocopiadora.
- Aulas: Cada unha dispón dun ordenador portátil, un proxector, unha pizarra dixital e altofalantes.
- Proxectos específicos: catro portátiles con conexión a internet para préstamo ás familias que non dispoñen de recursos.

Coa excepción dos ordenadores E-Dixgal e os catro portátiles dotados pola Consellería de Educación para facer fronte á fenda dixital, o resto do equipamento é bastante vello e non se atopa nun estado de uso óptimo, polo que adoita dar problemas.

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO.

2.2.1 Autoavaliación SELFIE:

SELFIE é unha ferramenta deseñada para axudar aos centros educativos a integrar as tecnoloxías dixitais na docencia, o aprendizaxe e a avaliación do alumnado. Pode informar do que está funcionando ben, dos aspectos nos que precisamos mellorar e cales deberían ser as nosas prioridades. A continuación resumimos os resultados das distintas áreas do informe SELFIE (puntuacións entre 0 e 5):

ÁREAS	GRUPOS	ED. PRIMARIA
Liderazgo.	E. Directivo.	4,2
	Profesorado.	4,3
Colaboración e redes.	E. Directivo.	3,9
	Profesorado.	3,8
	Alumnado.	4,1
Infraestruturas e equipos.	E. Directivo.	4,3
	Profesorado.	4,2
	Alumnado.	4,4
Desenvolvemento profesional continuo.	E. Directivo.	4,7
	Profesorado.	4,6
Pedagogía: Apoio e recursos.	E. Directivo.	4
	Profesorado.	4,3
Pedagogía: Implementación na aula.	E. Directivo.	3,5
	Profesorado.	3,8
	Alumnado.	3,8
Prácticas de avaliación	E. Directivo.	2,8
	Profesorado.	2,9
Competencias dixitais do alumnado.	E. Directivo.	3,9
	Profesorado.	3,9
	Alumnado.	4,7

2.2.2 Test de Competencia Dixital Docente (CDD).

O test CDD é un instrumento de valoración para que os/as docentes poidan coñecer a súa propia competencia TIC e elixir aquelas actividades formativas que mellor respondan ás súas necesidades. Tamén ofrece un informe de centro que permite aos equipos directivos coñecer a competencia TIC xeral do profesorado. A continuación resumimos os datos obtidos máis relevantes.

- **Participación segundo o perfil do profesorado:**

	Nº de profesorado participante.	Nº de profesorado total	% de participación
Definitivo.	7	8	87,5%
Interino.	5	6	83,3%
Substituto.	3	5	60%

- **Puntuación e nivel de competencia do centro:**

Puntuación media do test no centro (sobre 192)	Nivel de competencia no centro.	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
87,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

- **Puntuación e nivel de competencia por etapas:**

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Ed. Infantil.	85,6	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Ed. Primaria.	87,5	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

- **Distribución do profesorado por niveis:**

	Profesorado no nivel de competencia.	% de profesorado neste nivel.
Explorador/a (A2)	1	6,7%
Integrador/a (B1)	11	73,3%
Experto/a (B2)	3	20%
TOTAL	15	100%

2.3 Análise DAFO.

	FORTALEZAS	DEBILIDADES
INFRAESTRUTURAS EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> O centro dispón da infraestrutura adecuada e dispositivos suficientes para o desenvolvemento do proceso de ensino- aprendizaxe en contextos dixitais. O acceso a internet é aceptable. Coa incorporación ao centro do Programa E-DIXGAL, a asistencia técnica é rápida e satisfactoria. 	
PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> Unha boa parte do profesorado participa en actividades de formación relacionadas coas tecnoloxías dixitais: E-DIXGAL, robótica, aula virtual... A maioría do profesorado ten boa actitude cara novas modalidades de ensino. 	<ul style="list-style-type: none"> Unha parte significativa do profesorado emprega prácticas de avaliación tradicionais exclusivamente e non ofrece retroalimentación nin fomenta a autorreflexión sobre a aprendizaxe con métodos tecnolóxicos. Parte do profesorado opina que non dispón de tempo para aprender e implantar tecnoloxías dixitais así como para a creación e desenvolvemento de materiais. O profesorado non desenvolve moitos proxectos interdisciplinares apoiados en tecnoloxías dixitais.
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> As habilidades e coñecementos do alumnado en tecnoloxías dixitais están a mellorar coa implantación de E-DIXGAL no quinto e no sexto curso da educación primaria. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado non emprega moito as súas habilidades e coñecementos na creación de contidos dixitais.
FAMILIAS		<ul style="list-style-type: none"> Moitas familias non dispoñen de coñecementos e habilidades dixitais suficientes para acompañar o alumnado no seu proceso de aprendizaxe.
OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> En primeiro, segundo, terceiro e cuarto de primaria o centro oferta unha sesión semanal de informática. En cuarto e sexto de primaria a materia de libre configuración emprega a robótica educativa. 	

	<ul style="list-style-type: none"> En quinto e sexto de primaria participan no programa Digicraft. 	
ORGANIZACIÓN DE CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> O centro apoia o desenvolvemento profesional continuo do profesorado e fomenta o intercambio de experiencias no emprego de tecnoloxías dixitais. O centro inviste parte dos seus cartos de funcionamento en equipamento informático. 	<ul style="list-style-type: none"> O centro presenta limitacións de espazos escolares para o desenvolvemento de tecnoloxías dixitais.

	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		1. A administración educativa non repón equipos obsoletos e o centro vese obrigado a empregar cartos do seu orzamento xeral para manter a adecuada dotación de medios informáticos.
LEXISLACIÓN		
ANPA	2. A ANPA do centro está moi implicada no seu funcionamento e colabora en todo tipo de proxectos e actividades.	
CONTORNA		3. A localización do centro, lonxe do núcleo urbano de Pontearreas, dificulta o acceso de alumnado e familias a actividades e servizos. Ademais, nalgunhas zonas a conexión a internet é moi deficiente.
OUTRAS ENTIDADES	4. O Concello de Pontearreas colabora en proxectos de centro e oferta variedade de actividades educativas para o alumnado.	

3. PLAN DE ACCIÓN.

Os obxectivos do noso plan de acción tentan responder ás áreas de mellora prioritarias que observamos no informe SELFIE e que corresponden coas debilidades do centro no momento actual. Algunhas das actuacións están vinculadas á solicitude dos Polos Creativos pero, aínda que non se nos conceda o proxecto, levaranse a cabo adaptándoas aos recursos e medios dos que xa dispón o centro nestes momentos. Podemos dicir que os obxectivos establecidos no noso Plan Dixital de Centro son tipo “SMART”: Específicos, medibles, alcanzables, relevantes e definidos no tempo.

A continuación desenvolvemos os tres obxectivos seleccionados para o curso 2022 – 2023, cos seus correspondentes indicadores e accións a desenvolver.

Área de mellora: Pedagogía: Implementación na aula.

OBXECTIVO:	Desenvolver proxectos interdisciplinares apoiados en tecnoloxías dixitais.	Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo. Coordinadora Dinamización do Plan Dixital.	Non acadado	
INDICADORES DO OBXECTIVO	<ol style="list-style-type: none"> O profesorado emprega a aula virtual do centro ou EDIXGAL nos proxectos interdisciplinares programados. O profesorado participa no Proxecto Interdisciplinar de centro “Festival de Cine e Artes Escénicas” vinculado aos Polos Creativos. 		
Valores de partida	<ol style="list-style-type: none"> 13% 0% 		
Valores previstos e datas	<ol style="list-style-type: none"> O 80% do profesorado. O 90% do profesorado. 	<ol style="list-style-type: none"> Xaneiro 2023 Xuño 2023 	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Breves xornadas de formación para o profesorado sobre cuestións básicas da aula virtual/EDIXGAL.	Os membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.	Setembro do 2022	<ul style="list-style-type: none"> Aula con proxector e pizarra dixital. Ordenadores portátiles para cada mestre e mestra. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Planificación e distribución do traballo relacionado co Proxecto de Centro.	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo. Equipo de dinamización do Plan Dixital. 	Setembro de 2022.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Gravación, edición e demais acción necesarias para a creación das curtometraxes.	Todo o profesorado do centro	Maio 2023	<ul style="list-style-type: none"> 2 cámaras fotográficas compactas con trípode 2 cámaras dixitais de foto e vídeo con trípode e 2 gimbal Sistema de gravación de 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

			<p>audio 1</p> <ul style="list-style-type: none">• Equipo de iluminación• Pantalla/taboleiro interactivo de 75"• 10 conxuntos tabletas e accesorios• Carro de carga <p>O material foi pedido na solicitude dos Polos Creativos.</p>			
--	--	--	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--	--	--

Área de mellora: Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO :	Aumentar a competencia dixital do alumnado na creación de contidos dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Todo o profesorado do centro.				Non acadado	
INDICADORES DO OBXECTIVO	1. O alumnado emprega con autonomía adecuada á súa idade gravadoras e cámaras de foto e vídeo 2. O alumnado emprega con autonomía adecuada á súa idade aplicacións e programas de edición de audio e vídeo. 3. O alumnado crea contidos dixitais orixinais con autonomía adecuada a súa idade.					
Valores de partida	1. 30% 2. 20% 3. 2%					
Valores previstos e datas	1. 80% 2. 70% 3. 70%		1. Decembro 2022 2. Marzo 2023 3. Maio 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Distribución de tempos e espazos para garantir o acceso de todo o alumnado ós recursos.	Xefatura de Estudos	Setembro de 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Xornadas de formación para o alumnado unha sesión semanal para o	<ul style="list-style-type: none"> Equipo de Dinamización do Plan Dixital. Profesorado 	Marzo 2023	<ul style="list-style-type: none"> 2 cámaras fotográficas compactas con trípode 2 cámaras dixitais de foto e vídeo con trípode e 2 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<p>emprego de cámaras, grabadoras... e programas de edición.</p>	<p>seleccionado para cada curso.</p>		<p>gimbal</p> <ul style="list-style-type: none"> • Sistema de gravación de audio 1 • Equipo de iluminación • Pantalla/taboleiro interactivo de 75" • 10 conxuntos tabletas e accesorios • Carro de carga <p>O material foi pedido na solicitude dos Polos Creativos.</p>				
<p>AO1.3: Elaboración, por parte do alumnado, das curtometraxes e outros contidos dixitais adecuados para o Festival de Cine e Artes Escénicas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de Dinamización do Plan Dixital. • Profesorado seleccionado para cada curso. 	<p>Maio 2023</p>	<ul style="list-style-type: none"> • 2 cámaras fotográficas compactas con trípode • 2 cámaras dixitais de foto e vídeo con trípode e 2 gimbal • Sistema de gravación de audio 1 • Equipo de iluminación • Pantalla/taboleiro interactivo de 75" • 10 conxuntos tabletas e accesorios • Carro de carga <p>O material foi pedido na solicitude dos Polos Creativos.</p>		<p>Realizada</p>		
						<p>Aprazada</p>	
						<p>Pendente</p>	

Área de mellora: Pedagogía: apoios e recursos.						
OBXECTIVO :	Ofrecer ás familias do centro con coñecementos ou materiais dixitais insuficientes unha rede de apoio e formación no propio centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo de Dinamización do Plan Dixital.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	1. As familias do centro empregan recursos e/ou instalacións do centro. 2. As familias fan consultas ao centro acerca das aulas virtuais/EDIXGAL ou outras dificultades que atopen no acompañamento do proceso de aprendizaxe dos seus fillos ou fillas.					
Valor de partida	1. 2% 2. 10%					
Valor previsto e data	1. 60% 2. 70%				Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Programación e difusión dos recursos e instalacións que poden empregar as familias, así como os seus horarios e normas básicas.	<ul style="list-style-type: none"> Equipo directivo. Equipo de Dinamización do Plan Dixital. 	Outubro 2022	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores de préstamo ofrecidos pola Consellería de Educación. 2 cámaras fotográficas compactas con trípode. 2 cámaras dixitais de foto e vídeo con trípode e 2 gimbal Sistema de gravación de audio 1 Equipo de iluminación Pantalla/taboleiro 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

			<p>interactivo de 75"</p> <ul style="list-style-type: none"> • 10 conxuntos tabletas e accesorios • Carro de carga <p>O material foi pedido na solicitude dos Polos Creativos.</p>			
AO1.2: Atención directa ás familias que soliciten recursos ou consulten dúbidas.	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de Dinamización do Plan Dixital. • Profesorado designado para a tarefa. 	De outubro de 2022 a Xuño de 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Creación de documentos de preguntas frecuentes e tutoriais de emprego das TIC para familias.	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de Dinamización do Plan dixital e profesorado designado. • Alumnado 	De outubro de 2022 a Xuño de 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Para o correcto desenvolvemento das accións descritas identificamos as seguintes **necesidades de equipamento**:

- Renovación dos dous ordenadores de xestión e administración do centro, así como dotación dun equipo máis para que todos os membros do equipo directivo dispoñan dun posto fixo.
- Renovación do ordenador da biblioteca.
- Renovación dos equipos da aula de informática.
- Renovación e ampliación de equipos para a sala de mestres e mestras.
- Equipos ultraportátiles que permitan desprazarse ás aulas de primeiro, segundo, terceiro e cuarto de primaria; dado que non teñen E-Dixgal.

4. AVALIACIÓN DO PLAN.

Ao remate de cada trimestre avaliaremos o estado das diferentes accións, analizaremos os resultados e, no caso de que non sexan completamente satisfactorios, modificarase a planificación inicial para dar resposta ás posibles dificultades ou carencias atopadas. Aínda que a tarefa de avaliación corresponda en última instancia ó Equipo de Dinamización do Plan Dixital e ó equipo directivo, terase moi en conta a opinión de toda a comunidade educativa respecto ó seu desenvolvemento.

Como mínimo unha vez ó ano, preferiblemente ó final do curso, levaremos a cabo unha avaliación final para valoralo logro dos obxectivos establecidos e facer as propostas de mellora que correspondan.

5.DIFUSIÓN DO PLAN.

Para o correcto desenvolvemento do Plan Dixital de Centro, será necesaria a súa difusión entre os diferentes sectores da comunidade educativa. Para alcanzar a maior difusión posible empregaremos a páxina web do centro así como as distintas redes sociais (Facebook e Instagram) das que facemos uso habitualmente.

Por último, dicir que tan importante é a difusión do Plan como a súa avaliación para que a comunidade educativa teña constancia da efectividade do documento e das accións que se levan a cabo na práctica e a súa valoración.